TÁBOA DE RESPOSTAS

1			C
2		B	
3		B	
4	A		
5	A		

6		B	
7	A		
8			C
9	A		
10		B	

11		B	
12			C
13	A		
14	A		
15			C

16		B	
17	A		
18		B	
19		B	
20			C

PARTE B - ANÁLISE

XULLO 2021




36
42
48
53
59
64
69
*) Autograph:


75
79
83
86
89
93
100


106
111
115
120
125
131
136


141
146
150
154
159
164
168


174
178
181

Nome: **Instrumento:**

Responder as seguintes preguntas sobre a análise da obra proposta.

As respostas deben recollerse a tinta na táboa da última páxina indicando cun X a letra correspondente á opción escollida, sen riscos nin marcas de ningún tipo nos outros cadros.

As respostas correctas sumarán 0,5 puntos, as incorrectas restarán 0,1 puntos e as preguntas en branco nin puntuarán nin restarán. A tal efecto indicarase no cadro correspondente o número total de preguntas respondidas e asinarase o documento.

1. Cal é o antecedente formal máis próximo da obra?

a) *Sonata da chiesa* barroca.
b) *Aria da capo* barroca.
c) Sonata preclásica.

2. Trátase dunha estrutura bitemática?

a) Si, e na exposición o segundo tema atópase na tonalidade da dominante.
b) Si, e na exposición o segundo tema atópase na tonalidade do relativo maior.
c) Non, trátase dunha estrutura monotemática.

3. Cal é a organización estrutural desde o compás 9 ao 19?

a) 1 + 4 (2+2) + 4 (2+2) + 2
b) 5 (3+2) + 6 (2+2+2)
c) 5 + 2 + 2 + 2

4. Os oito primeiros compases da obra poden describirse do seguinte modo:

a) Constitúen unha estrutura formal de pregunta (4) - resposta (4); antecedente/consecuente.
b) Constitúen unha frase de oito compases cunha primeira semifrase en do menor e unha segunda semifrase en Sol Maior.
c) Forman dúas frases de 2+2 compases rematadas no compás oito cunha cadencia auténtica perfecta.

5. A forma da obra é típica:

a) Do primeiro movemento da sonata clásica.
b) Do terceiro movemento da sonata preclásica.
c) Do derradeiro movemento da *sonata da chiesa*.

6. En que tonalidade se presenta o primeiro tema?

a) Lab M.
b) Do m.
c) Mib m.

7. En que compás aparece un cuarta e sexta cadencial?

a) Compás 18.
b) Compás 70.
c) As dúas respostas anteriores son correctas.

8. O compás 37 atópase en:

a) Fa maior.
b) Fa menor.
c) Mib maior.

9. A segunda sección comeza na tonalidade de:

a) Do M.
b) La m.
c) Reb M.

10. O acorde do terceiro pulso do compás 44 é:

a) Unha sexta napolitana.
b) Unha sexta aumentada italiana.
c) Unha sétima diminuída.

11. Entre os compases 31 e 33 hai unha:

a) Sonoridade de sexta aumentada.
b) Sonoridade napolitana.
c) Sonoridade de sétima diminuída.

12. O acorde do terceiro pulso do compás 145 é:

a) Unha dominante secundaria.
b) Un acorde de sétima diminuída.
c) As dúas respostas anteriores son correctas.

13. A sensación que produce o acorde no tempo forte do compás 14 é:

a) A dun retardo.
b) A dunha apoiatura.
c) As dúas respostas anteriores son incorrectas.

14. A nota estraña que aparece no comezo dos compases 60 e 61 na melodía é:

a) Unha apoiatura.
b) Un floreo ou bordadura.
c) Unha nota de anticipación.

15. A textura a partir do compás 23 é:

a) Polifónica.
b) Imitativa.
c) Melodía acompañada.

16. En canto a dinámica da obra, pódese dicir que:

a) Esta chea de indicacións agóxicas e rubatos.
b) Empréganse dinámicas contrastantes.
c) Sempre é uniforme.

17. Entre os compases 9 e 14:

a) Hai varias síncopas.
b) Hai varias hemiolias.
c) Hai varias síncopas e hemiolias.

18. A melodía:

a) Ten sempre un carácter cantabile.
b) Entre os compases 1 e 8 ten unha escritura de carácter instrumental, mentres que entre os compases 36 e 43 é máis cantabile.
c) Tanto entre os compases 1 e 8 como entre o 36 e 43 é de carácter instrumental porque non interveñen voces.

19. A textura entre os compases 83 e 86 é:

a) Monódica.
b) Imitativa.
c) Melodía acompañada.

20. Con que corrente estilística relacionarías esta obra?

a) Co Barroco, pola presenza do baixo continuo.
b) Co Clasicismo, pola abundancia de cromatismos.
c) Co Clasicismo, pola forma empregada.

TÁBOA DE RESPOSTAS

1	A	B	C
2	A	B	C
3	A	B	C
4	A	B	C
5	A	B	C

6	A	B	C
7	A	B	C
8	A	B	C
9	A	B	C
10	A	B	C

11	A	B	C
12	A	B	C
13	A	B	C
14	A	B	C
15	A	B	C

16	A	B	C
17	A	B	C
18	A	B	C
19	A	B	C
20	A	B	C

Número de preguntas respondidas	

Sinatura	